

ANEXO V:

MODELO DE DOCUMENTO “PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-2021”

1.	Datos do centro
-----------	------------------------

Código	Denominación
15021548	CEIP SAL LENCE

Enderezo		C.P.
Avenida de Oza 224		15006
Localidade	Concello	Provincia
A CORUÑA	A CORUÑA	A CORUÑA
Teléfono	Correo electrónico	
881880820	ceip.sal.lence@edu.xunta.gal	
Páxina web		
www.edu.xunta.gal/centros/ceipsallence		

Índice

Medidas de prevención básica.....	3
Medidas xerais de protección individual.....	4
Medidas de limpeza.....	5
Material de protección.....	5
Xestión dos abrochos.....	5
Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade.....	6
Medidas de carácter organizativo.....	6
Medidas en relación coas familias e ANPA.....	6
Medidas para o alumnado transportado.....	7
Medidas de uso do comedor.....	7
Medidas específicas para o uso doutros espazos.....	7
Medidas especiais para os recreos.....	8
Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria.....	8
Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres.....	8
Medidas específicas para alumnado de NEE.....	9
Previsións específicas para o profesorado.....	9
Medidas de carácter formativo e pedagógico.....	9

Id.	Medidas de prevención básica
------------	-------------------------------------

2. Membros do equipo COVID			
Teléfono móbil de contacto (ou teléfono do centro con compromiso de desvío a un teléfono móbil)			881880822
Membro 1	Teresa López Caballero	Cargo	Orientadora e coordinadora COVID
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Medidas específicas para alumnado de NEE • Interlocución coa administración e co centro de saúde de referencia. • Coordinación do equipo covid. • Xestionar a adquisición de material de protección necesario. • Comunicación de casos 		
Membro 2	M ^a Luisa Aguiar Amigo	Cargo	Mestra de Apoio a Infantil
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria... • Elevar as propostas do equipo de educación infantil. • Coordinar as entradas e saídas do alumnado de infantil. • Difundir a información ao ciclo de infantil e ás familias. 		
Membro 3	M ^a José del Río Piñeiro	Cargo	Mestra Primaria
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Elevar as propostas do equipo docente de primaria. • Coordinar as entradas e saídas do alumnado de primaria. • Garantir a difusión da información ao profesorado de primaria e ás familias 		

3. Centro de saúde de referencia			
Centro	Centro de saúde O Castrillón de A Coruña	Teléfono	981132925
Contacto	Por determinar		

4. Espazo de illamento (determinación do espazo de illamento COVID e dos elementos de protección que inclúe)
Cambiador/ Baño profesores, en planta baixa. Está dotado con ventilación directa, inclúe os elementos de protección de máscaras, auga, xabón, papel para secar, xel desinfectante, papeleira con tapa e pedal para a recollida de residuos. Está cerca da secretaria do centro, onde realizaranse as chamadas de aviso á familia.

5. Número de alumnos e alumnas por nivel e etapa (engadir unha fila por nivel e etapa e indicar o número total)	
Infantil 3 anos	25
Infantil 4 anos	25
Infantil 5 anos	27
1º de Primaria	25
2º de Primaria	27
3º de Primaria	26
4º de Primaria	22

5º de Primaria	30
6º de Primaria	42

6.	Cadro de persoal do centro educativo (unicamente número de efectivos)	
Educación Infantil		5
Educación Primaria		8
Mestras/es especialistas		10
Persoal non docente		1
Total		24

7.	Determinación dos grupos estables de convivencia (engadir unha táboa por grupo)	
-----------	--	--

Etapa	Infantil			Nivel	4	Grupo	A
Aula	Aula de 3 anos	Nº de alumnado asignado	25	Nº de profesorado asignado		1	

Etapa	Infantil			Nivel	5	Grupo	A
Aula	Aula de 4 anos	Nº de alumnado asignado	25	Nº de profesorado asignado		1	

Etapa	Infantil			Nivel	6	Grupo	A
Aula	Aula de 5anos	Nº de alumnado asignado	17	Nº de profesorado asignado		1	

Etapa	Infantil			Nivel	6	Grupo	B
Aula des-dobre	Bibliote-ca	Nº de alumnado asignado	10	Nº de profesorado asignado		1	

Etapa	Primaria			Nivel	1	Grupo	A
Aula	Aula de 1º	Nº de alumnado asignado	25	Nº de profesorado asignado		1	

Etapa	Primaria			Nivel	2	Grupo	A
Aula	Aula de 2º	Nº de alumnado asignado	17	Nº de profesorado asignado		1	

Etapa	Primaria			Nivel	2	Grupo	B
Aula	Aula de • PT	Nº de alumnado asignado	10	Nº de profesorado asignado		1	

Etapa	Primaria			Nivel	3	Grupo	A
Aula	Aula de 3º	Nº de alumnado asignado	13	Nº de profesorado asignado		1	

Etapa	Primaria			Nivel	3	Grupo	B
Aula	Aula de Inglés	Nº de alumnado asignado	13	Nº de profesorado asignado		1	

Etapa	Primaria			Nivel	4	Grupo	A
Aula	Aula de 4º	Nº de alumnado asignado	22	Nº de profesorado asignado		1	

Etapa	Primaria			Nivel	5	Grupo	A
Aula	Aula de 5º	Nº de alumnado asignado	15	Nº de profesorado asignado		1	

Etapa	Primaria			Nivel	5	Grupo	B
Aula	Aula TIC	Nº de alumnado asignado	15	Nº de profesorado asignado		1	

Etapa	Primaria			Nivel	6	Grupo	A
Aula	Aula de 6ºA	Nº de alumnado asignado	22	Nº de profesorado asignado		1	

Etapa	Primaria			Nivel	6	Grupo	B
Aula	Aula de 6ºB	Nº de alumnado asignado	20	Nº de profesorado asignado		1	

8. Medidas específicas para grupos estables de convivencia (con inclusión de medidas que xa figuren no protocolo das consellerías ou doutras acomodadas á realidade do centro e grupo)

Os membros dos Grupos de Convivencia Estable poden socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersonal de forma estrita.
En estes grupos de convivencia estable *non haberá interacción con outros grupos* do centro



educativo, limitando ao máximo o número de contactos.

-En educación infantil e na educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia.

A distancia a manter entre postos escolares será a máxima que permita a aula, para a aplicación do criterio de medición a distancia realizarse dende o centro das cadeiras.

Dentro da propia aula establecemos as seguintes medidas:

- O alumnado (a partir do nivel de infantil) e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade. Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala.

A obrigación non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada.

- Colocarán as súas prendas no respaldo da súa cadeira, evitando movementos pola aula.

-O material o tendrá cada un na súa mesa, casilleiro persoal ou mochila, evitando usar material de uso común.

- Distribución de espazos segundo os modelos propostos en función do número de alumnos.

- Distribuir o alumnado de comedor nas aulas de desdobre a ser posible.

- Cando sexa necesario, formar grupos de traballo cooperativo estables, de tal xeito que se reduzan as interaccións físicas entre grupos. Deste xeito, garantimos que dentro da aula o contacto directo unicamente se produza entre grupos dun máximo de catro alumnos. Nos momentos nos que todo o grupo poida estar xunto -recreos, traslados- o alumnado deberá portar máscara.

- Cada alumno terá o seu propio kit básico de material de traballo (estoxo con obxectos de emprego máis común).

- Cando sexa necesario empregar material común, distribuirase en gabetas ou caixas para cada un dos grupos, tendo que ser desinfectado unha vez finalizado o seu emprego.

- Ao trasladarse de aula para levar a cabo as sesións de EF ou saír ao patio, deberán respectar o percorrido deseñado para ese grupo en concreto e na orde de entrada/saída asignada.

- Evitarase o desprazamento do alumnado da aula aínda que si se permitirá levantarse para realizar pequenos estiramientos ou exercicios posturais que non impliquen moverse do posto escolar.

- Se é preciso que un alumno empregue a pizarra, realizarase unha desinfección previa con xel hidroalcolico do rotulador que empregue.

Todo o profesorado especialista que entre na aula deberá empregar máscara e facer unha correcta desinfección de mans.

9.	Canle de comunicación (para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencia e ausencias)
-----------	---

Canle de comunicación para o profesorado e alumnado	
<ol style="list-style-type: none"> 1. Preferiblemente ao teléfono da Coordinadora COVID 881880822 ou ao do centro 881880820 2. correo electrónico á atención da Coodinadora COVID do Centro Escolar ceip.sal.lence@edu.xunta.gal 	

10.	Rexistro de ausencias (procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado)
------------	---

O procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado realízase mensualmente tanto en rexistro escrito como na aplicación da Consellería (XADE). Sendo remitido á Inspección o do persoal docente.

Ao rexistro convencional empregado habitualmente (follas de rexistro e Xade), engadiremos un específico para aquelas ausencias provocadas por sintomatoloxía compatible coa covid-19.

As ausencias por sintomatoloxía compatible tamén serán rexistradas no convencional, pero ao figurar no específico por covid-19 quedará a eximida a xustificación a efectos de apertura do protocolo de absentismo escolar e, ao mesmo tempo, permitirá activar as medidas necesarias en caso de confirmación do caso.

As follas de rexistro de ausencias por sintomatoloxía compatible serán entregadas cada fin de mes á Xefatura de Estudos.

11.	Comunicación de incidencias (procedemento de comunicación das incidencias ás autoridades sanitarias e educativas)
------------	--

Procedemento de comunicación das incidencias

- Aviso ao coordinador covid-19.

A partir de aquí, establecerase a comunicación do coordinador covid-19 coas autoridades sanitarias e a familia do afectado:

A coordinadora COVID comunicará as incidencias diarias,preferiblemente

- aos teléfonos do Equipo de Coordinación Operativa COVID da Consellería de Educación,
- de ser o caso da Consellería de Sanidade ou do Sergas,
- así mesmo a comunicación co persoal do centro e
- coa familia do alumnado afectado.
- Subida de datos á aplicación.

Id.	Medidas xerais de protección individual
------------	--

12.	Situación de pupitres (croques da situación dos pupitres nas aulas ben de xeito individual ou croque xenérico que sexa reproducibile nos restantes espazos e identificación da posición do profesorado)
------------	--

Durante as clases o alumnado estará sentado en pupitres orientados nun mesmo sentido.

Todos ou pupitres ou mesas colocaranse en liñas mirando cara a dirección do posto do/a profesor/a.

A distancia a manter entre postos escolares será a máxima que permita a aula, para a aplicación do criterio de medición a distancia realizarase dende o centro das cadeiras(Primaria)



Cando sexa necesario, formar grupos de traballo cooperativo estables, de tal xeito que se reduzan as interaccións físicas entre grupos. Deste xeito, garantimos que dentro da aula o contacto directo unicamente se produza entre grupos dun máximo de catro alumnos.

-Na etapa de Educación Infantil, conformando grupos estables de convivencia, na aula traballarase mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos), que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos. Os grupos traballarán cun distanciamento físico de 1,5 metros respecto dos restantes grupos. Sempre que sexa posible usárase a máscara, porén para o profesorado e o persoal non docente que teña contacto cos grupos de infantil será de uso obrigatorio.

13. Identificación de espazos ou salas para asignar grupos (cando o tamaño da aula non permita as distancias mínimas e identificación de espazos ou salas para asignar a grupos)

- Debido aos desdobres realizados en Infantil de 5 anos, segundo, terceiro e quinto de primaria é necesario habilitar máis espazos para acoller a ese alumnado, polo que a biblioteca, unha aula de PT, aula de inglés, aula de tics destinaranse ás titorías de desdobre.

- Para realizar apoios ou desdobres puntuais en aulas, así como para impartir a área de Valores/Relixión, hai dúas aulas (aula de PT na primeira planta e aula de relixión e aula de música na derradeira planta. Estes espazos considéranse comúns polo que extremárase a súa limpeza ao remate da sesión).

Debido ás características especiais que se dan á hora de traballar neste tipo de aulas, adoptamos as seguintes medidas:

- Emprego de máscara como norma xeral ou pantalla protectora.
- Aconséllase ao profesorado destas dúas especialidades que empreguen viseiras protectoras, xa que, en moitas ocasións, o seu labor é incompatible co emprego da máscara.
- Entre cada sesión con presenza de alumnado nestas aulas realizarase unha ventilación de cinco minutos e unha limpeza/desinfección dos elementos empregados.

14. Espazos de PT, AL, departamento de orientación ou aulas especiais. Modelo cuestionario de avaliación (determinación das medidas para o uso de espazos de PT e AL, departamento de orientación ou aulas especiais do centro e modelo de cuestionario de avaliación de medidas como anexo ao Plan, pódese utilizar un semellante ao que figura no protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021)

- Aula PT en 1ª planta,
- Impartirase AL en 2ª planta os xoves e venres na aula de relixión.

Dada a situación excepcional que estamos a vivir actualmente, recoméndase (sempre que sexa posible), **atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo na súa aula de referencia**, salvo naquelas circunstancias nas que a atención na aula de apoio sexa a mellor opción.

Debido ás características especiais que se dan á hora de traballar neste tipo de aulas, adoptamos as seguintes medidas:

No caso de que o profesorado de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe deba traballar co alumnado na aula de apoio, recoméndanse:

- **Manter os grupos de Convivencia Estable.** O alumnado que asista a apoio ao aula de PT como de AL serán do mesmo grupo de Convivencia Estable para limitar ao máximo



- a interacción e o contacto con outros grupos.
- Manter, a ser posible, a distancia de seguridade co alumnado.
 - Manter a máxima ventilación posible na aula co fin de favorecer a renovación do aire no seu interior. Hai que ter en conta que nas aulas onde se produce rotación de alumnado deberase extremar a ventilación, debendo estar as xanelas abertas en todo momento (aínda que a aula non estea ocupada).
 - Establecer unha zona limpa de traballo para as persoas que ocupan de maneira habitual dita dependencia, de forma que sexan os únicos ou únicas que poidan acceder ás mesmas.
 - En caso de non poder respectarse a distancia de seguridade dentro da aula de apoio, tanto o profesorado como o alumnado deberá permanecer con máscara durante o tempo que estean dentro da aula.
 - Por motivos de seguridade, recoméndase que o profesorado recolla ao alumnado na súa clase e acompañe á aula de apoio. Á hora de finalizar a clase, o profesorado tamén acompañará ao alumnado á súa clase polos mesmos motivos.
 - A hixienización de mans do alumnado realizarase á entrada e saída da aula.
 - O alumnado só levará á aula de apoio o estritamente necesario, debendo deixar mochila, libros e resto do material na clase. Unha vez na aula, non se poderá volver a clase a recoller material esquecido.
 - O alumnado traerá o seu propio estoxo cos materiais (lapis, bolígrafos, gomas, ceras...), que vaia a utilizar durante a hora, non permitíndose que se preste material entre alumnado.
 - A materiais da aula deben estar controlados en todo momento, non podendo estar nun sitio onde o alumnado teña acceso directo a eles priorizárase o uso de materiais individuais (cada alumno e alumna traballará coa súa propio material). No caso de ter que traballar con material da aula, é conveniente que na clase haxa material suficiente para poder facelo de maneira individual.
 - Se se ten que traballar de maneira grupal e hai que compartir materiais, o profesorado debe priorizar que o alumnado extreme as medidas de hixiene e evite tocarse a cara (boca, nariz, ollos) en todo momento.
 - Os materiais compartidos polo alumnado, deben ser desinfectados antes de ser utilizadas por outro alumno ou alumna.
 - En caso de utilizar materiais compartidos, o profesorado rexistrará ao alumnado que utilizou cada material para realizar o rastrexo dun posible contaxio.
 - No caso de que se traballen fichas en formato papel, unha vez finalizadas gardaranse nun sobre ou carpeta individual para cada alumno/a.
 - Aquelas actividades de lectura que usen libros en formato papel deberanse planificar e programar, para que unha vez utilizados (sempre de maneira individual), permita establecer un período de corentena dos mesmos entre cada uso, salvo que sexa o mesmo alumnado o que os utilice.
 - O equipo ou equipos informáticos da aula de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe deben ser desinfectados antes do seu uso por parte de cada alumno ou alumna, sendo a docente da aula quen debe realizar dita acción.
 - Ao final da clase procederáse a desinfectar tanto o material individual do alumnado como a material da aula de apoio.
 - Unha vez finalizase a clase, o mobiliario utilizado polo alumnado (e o profesorado se é



unha aula compartida), será desinfectado.

- Tamén hai que extremar a limpeza da aula a fondo ao finalizar as clases. Ao final do día, as mesas de traballo deben quedar totalmente libres de papeis e materiais para proceder a unha correcta desinfección.

- Unha situación especial dentro da aula de apoio é o ***traballo fonoarticulador*** por parte do profesorado de Audición e Linguaxe. Nesta situación especial tanto o alumnado como o profesorado deben ter a boca visible para poder traballar devandito aspecto. Por outra banda, o proceso de fonación (ao non usarse máscara no devandito momento), provoca a proxección de gotículas ao aire que quedan en suspensión podendo ser fonte de transmisión, polo que dito traballo quedará en suspensión mentres as condicións sanitarias non o permitan.

No caso de ***atención do alumnado con necesidades educativas na aula ordinaria***, tanto o alumnado como o profesorado deberán seguir as instrucións da propia aula, coa diferenza de que ao non existir distancia de seguridade entre o alumnado e o profesorado de apoio, deberán-se extremar as medidas de seguridade mediante o uso de equipos de protección individual específicos como:

- Bata
- Máscara (recoméndase preferentemente de tipo FFP2)
- Pantalla facial

No caso de que se traballe co alumnado ***dentro da aula de apoio*** pódese utilizar o mesmo equipo de protección individual.

- Bata
- Máscara (recoméndase preferentemente de tipo FFP2)
- Pantalla facial

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A orientación educativa nun centro docente xira ao redor de tres ámbitos: a acción tutorial, a atención á diversidade e a orientación académica e profesional do alumnado. Esta tripla acción dá lugar a que polo despacho de orientación poida pasar calquera membro da comunidade educativa como alumnado, pais/nais, profesorado, equipo directivo... No devandito despacho ademais realízase traballo individual do Orientador ou Orientadora con elaboración de documentación de apoio á acción tutorial, proxectos, programacións, avaliacións psicopedagóxicas... mesmo ás veces adóitase utilizar o despacho como clase de apoio.

A dotación hixiénica mínima do despacho de Orientación será:

- Dispensador de xel desinfectante hidroalcohólico.
- Dispensador de papel individual.
- Limpador desinfectante multiusos de pistola.
- Papeleira con bolsa protexida con tapa e accionada por pedal.

As medidas de seguridade a adoptar no despacho de Orientación son:

- Establecer un aforo máximo de 4 persoas que permita manter entre as persoas que se atopen no devandito espazo a distancia de seguridade necesaria (2 metros). No caso excepcional de que non sexa posible manter dita distancia interpersonal ***sería recomendable o uso de equipos de protección individual*** por parte das persoas que se atopen no mesmo.
- Na porta do despacho poñerase información visual indicando o aforo máximo e as normas de hixiene da dependencia.
- Evitarase a realización de reunións no devandito espazo cando se supere o aforo máximo. Buscarase outro espazo do centro que se cumpra devandito requisito.
- Establecer unha zona limpa de traballo onde a Orientadora sexa a única persoa que poida ac-



ceder á mesma, que será a propia mesa de traballo.

- Cando se teñan que producir rotación de persoas ***extremarase a ventilación*** mentres a dependencia estea a ser utilizada, co fin de favorecer a renovación do aire no seu interior.
- As xanelas e a porta do despacho (sempre que sexa posible por cuestións de confidencialidade), deberán permanecer abertas para favorecer a ventilación, así como para evitar a manipulación de mecanismos de apertura de portas.
- Reducirase a visita de alumnado e proxenitores ao despacho de Orientación ao estritamente necesario (fomentarse o uso de medios telemáticos), realizándose a mesma mediante ***cita previa, ben por teléfono 881880822 ou por correo electrónico (ceip.sal.lence@edu.xunta.gal)*** especificando “para o Departamento de Orientación”
- O teléfono será de uso exclusivo da Orientadora. No caso de que o teléfono poida ser utilizado por outros membros do centro (situación non recomendada), procederase á súa desinfección inmediatamente despois do seu uso.
- ***Dixitalizar o maior número de documentos do centro para utilizar pola Orientadora***, para evitar a xeración e manipulación de documentos en formato papel (posible fonte de transmisión).
- No caso de recepción de documentación en formato papel establecerase un sistema de corentena dos documentos durante polo menos dous días, parecido ao sistema utilizado en Secretaría.
- Á entrada ao despacho de Orientación procederase sempre á desinfección de mans por parte das persoas que acudan a el.
- Evitarase compartir material coas persoas que acudan ao despacho. En caso de ter que compartirlo, será posteriormente desinfectado.
- Unha vez finalizase unha visita no despacho de Orientación, procederase á desinfección das superficies ocupadas, os materiais empregados refugaranse de forma segura, procedéndose posteriormente á desinfección de mans.
- ***Queda desaconsellado o uso do despacho de Orientación como aula de apoio***. En caso de ter que utilizalo, aplicarase o protocolo da aula de apoio (aula de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe), e procederase á desinfección das superficies ocupadas mediante o mesmo procedemento descrito anteriormente.
- O equipo informático de Orientación será de uso exclusivo da Orientadora do centro, non debendo ser utilizado por ningunha outra persoa allea ao devandito despacho.
- En caso de ter que compartir o equipo informático con profesorado P. T. e/ou A. L., procederase á desinfección do teclado e o rato. O proceso de hixienización será o mesmo que o que se realiza nos equipos das anteriores dependencias.
- Ao final da xornada escolar as mesas do despacho deben quedar totalmente libres de papeis e materiais para proceder a unha correcta desinfección.
- Extremarase a limpeza, especialmente naquelas zonas que máis estivesen en contacto coas persoas.
- Aínda que se utilice o despacho de Orientación de maneira individual é obrigatorio o uso de máscara.
- Se no despacho hai unha visita e non se pode manter a distancia de seguridade necesaria, recoméndase o uso dos seguintes equipos de protección individual:
 - Máscara.
 - Pantalla facial.



15. Titorías coas familias (determinación dos xeitos de realizar titorías coas familias)

Luns de 16:00 h a 17:00h como de costume.

Preferiblemente telefónicas ou na propia aula gardando as medidas de distancia de seguridade de 1,5 metros, así como as medidas hixiénicas e distanciamento social recomendadas. (Un familiar por alumno/a)

Titorías coas familias

As titorías levaranse a cabo baixo dúas modalidades:

- Telefónica (*opción preferente*) través dos teléfonos do centro os titores poñeranse en contacto coas familias

- *Presencial*: para aqueles casos que se considere imprescindible. Nesta modalidade, a reunión levarase a cabo na aula da titoría correspondente, previa cita e garantido a distancia social. Todos os asistentes á titoría levarán máscara e farán a pertinente desinfección de mans. Cando nalgunha destas reunións sexa necesario o visionado dalgunha proba escrita, avisarase con anterioridade para poder facer copias da mesma e evitar a manipulación conxunta.

En ambos casos, será obrigatoria a cita previa, empregando calquera das canles (abalarmóbil, axenda do alumnado, teléfono).

16. Canles de información coas familias e persoas alleas ao centro (provedores, visitantes, persoal do concello...)

Reforzaranse as vías de comunicación dixitais, polo que a web do colexio pasará a ser o portal onde se colgue toda a información de relevancia a nivel xeral.

- Como sistema de mensaxería empregaremos abalarmóbil, é moi importante que todas as familias descarguen a aplicación para reducir as comucacións alleas a esta canle.

- Para as familias que non poidan ter a aplicación, empregarase unha vía alternativa, que será o correo electrónico ou, en último lugar, a chamada telefónica.

- A información cos provedores xa se realiza habitualmente por mail ou teléfono, polo que seguiremos a empregar estas vías.

Cartelería nas entradas ao centro.

- Teléfono 881880820
- correo electrónico, ceip.sal.lence@edu.xunta.gal
- web do dentro, www.edu.xunta.gal. ceip sal lence
- abalar móbil

17. Uso da máscara no centro

O uso da máscara por todo o alumnado, persoal do centro e outras persoas que accedan ao centro educativo é a medida básica de protección individual e colectiva.

Todo o persoal do centro (docente e non docente) fará uso da máscara no centro.

O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade con independencia do mantemento da distancia interpersonal. Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario.

- Entendemos que, independentemente das recomendacións e obrigación do uso da máscara a nivel xeral, **un centro educativo debe promulgar hábitos** que contribúan á concienciación sobre os beneficios do emprego da máscara.

18. Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa

Reunións informativas ao principio do curso, no patio do colexio dos diferentes cursos coas as familias,



ANPA, web do Centro.

- O plan difundirase a través da **web do centro**, e pasará a formar parte da documentación do colexio
- Para dar a coñecelo, enviarase ás familias o link mediante o sistema habitual de mensaxería do colexio: **Abalarmóbil**.
- Asimesmo, trasladarase á ANPA para que o difunda a través das súas canles habituais (**blog, páxina web del ANPA y facebook**).
- Deixamos a porta aberta a modificacións na primeira versión, xa que as achegas que recibamos por parte da comunidade educativa poder dar lugar a melloras no documento.

Id. Medidas de limpeza

19. Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente (non incluír datos de carácter persoal)

O uso de luvas será obrigatorio para o persoal de limpeza.

- **Limpadora da mañá:**

Limpeza polo menos unha vez ao día do patio exterior, e das zonas asignadas.

Terá especial atención as zonas de uso común realizando tres veces a limpeza de as superficies de contacto máis frecuentes como aseos, pomos de portas, pasamáns e outros elementos de similares características.

- **Limpadora da tarde:**

Realizará unha limpeza e desinfección das zonas asignadas ao menos unha vez ao día, reforzándoa en aqueles espazos co precisen en función da intensidade de uso. Terá especial atención nas zonas de uso común e as superficies de contacto máis frecuentes como pomos de portas, mesas, mobles, pasamáns, suelos, teléfonos, perchas, e outros elementos de similares características.

Esta asignación de tarefas está pendente de validación por parte do persoal de limpeza.

20. Distribución horaria do persoal de limpeza (distribución horaria do persoal de limpeza e da alternancia semanal ou mensual de tarefas —no caso de que existan dúas ou máis persoas de limpeza polo menos unha delas realizara o seu traballo en horario de mañá—) (non incluír datos de carácter persoal)

Limpeza do patio exterior e aseos a hora de entrada.

Limpeza das superficies de contacto pasamán dos corredores, pomos das portas da planta baixa e aseo.

Limpeza das superficies de contacto pasamán dos corredores, pomos das portas da 1ª planta e aseo.

Limpeza das superficies de contacto pasamán dos corredores, pomos das portas da 2ª planta e aseo.

Limpeza das superficies de contacto pasamán dos corredores, pomos das portas da 3ª planta e aseo.

Limpeza das superficies de contacto pasamán dos corredores, pomos das portas da 4ª planta e aseo.

Limpeza das superficies de contacto pasamán dos corredores, pomos das portas da 5ª planta e aseo.

11:25 h Limpeza dos aseos exteriores

Limpeza das superficies de contacto pasamán dos corredores, pomos das portas da planta baixa e aseo.

Limpeza das superficies de contacto pasamán dos corredores, pomos das portas da 1ª planta e aseo.

Limpeza das superficies de contacto pasamán dos corredores, pomos das portas da 2ª planta e aseo.

Limpeza das superficies de contacto pasamán dos corredores, pomos das portas da 3ª planta e aseo.

Limpeza das superficies de contacto pasamán dos corredores, pomos das portas da 4ª planta e aseo.



Limpeza das superficies de contacto pasamán dos corredores, pomos das portas da 5ª planta e aseo.

12;00 h Limpeza do aseos exteriores

Limpeza das superficies de contacto pasamán dos corredores, pomos das portas da planta baixa e aseo.

Limpeza das superficies de contacto pasamán dos corredores, pomos das portas da 1ª planta e aseo.

Limpeza das superficies de contacto pasamán dos corredores, pomos das portas da 2ª planta e aseo.

Limpeza das superficies de contacto pasamán dos corredores, pomos das portas da 3ª planta e aseo.

Limpeza das superficies de contacto pasamán dos corredores, pomos das portas da 4ª planta e aseo.

Limpeza das superficies de contacto pasamán dos corredores, pomos das portas da 5ª planta e aseo.

21. Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza

- **Todo o persoal de limpeza empregará os elementos de protección aconsellados para levar a cabo** este labor, como son as **luvas e a máscara**.

Aconséllase o emprego de elementos de protección ocular, ben sexan lentes ou pantalla.

- Cada un/ha terá o seu **propio carro cos utensilios básicos**.

22. Cadro de control de limpeza dos aseos

- Os baños do patio de recreo realizarase despois de cada un dos tres recreos.
- A limpeza dos aseos realizarase de forma periódica ata tres veces no horario de mañá
- En cada baño existirá un modelo semanal de control de limpeza, no que se anotarán ás horas ás que se realizaron os labores e a persoa encargada de levalos a cabo.

23. Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas (a colocar en cada aula)

Ao rematar a última sesión, o profesor/a deixará aberta as ventás da aula cinco minutos para súa ventilación.

24. Determinación dos espazos para a xestión de residuos

- En todos os espazos do centro haberá unha papeleira específica e diferenciada (con tapa e pedal), para desbotar todos aqueles elementos de hixiene persoal (panos desbotables, luvas, máscaras).
- O resto de papeleiras terán o uso habitual para separar o lixo: papel, envases de plástico e lixo xeral (virutas de lapis, plásticos que non sexan de reciclaxe...)
- A xestión dos residuos das papeleiras específicas será tratado dun xeito distinto, empregando unha bolsa de diferente cor, evitando a súa mestura co lixo xeral para evitar riscos ao persoal de limpeza.

Id. Material de protección

25. Rexistro e inventario do material do que dispón o centro

- Desinfectante para os mobles (mesa, cadeira,ordenadores..) por aula e espazo común
- Dispensador de solución alcohólica desinfectante ao dispor dos traballadores e alumnado por aula e espazo común.
- Cubo con tapa e pedal para residuos por aula e espazo común.
- Panos de papel desbotable para secado e limpeza por aula e espazo común.
- A persoa que exerza a secretaría do centro será a responsable de inventariar todo o material de protección que dispón o centro. Para iso, creouse un apartado específico dentro do cadro xeral do centro denominado “material covid-19”

--

26. Determinación do sistema de compras do material de protección

A compra de xel de mans, desinfectante de mobles e papeleiras con tapa e pedal ,realízase telefónicamente ao provedor habitual

27. Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición

A entrega do material de protección é realizada polo provedor habitual no propio centro no espazo reservado cara á secretaría, onde gárdanse os repostos das garrafas da auga.
A reposición do material necesario é realizado pola conserxe a petición do profesorado.

Id. Xestión dos abrochos

28. Medidas (a determinación das medidas pode ser referida á xenérica do protocolo das consellerías, unha propia do centro ou unha remisión ao plan de continxencia)

- **Non asistirán ao centro** aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.
- Diante dun **suposto** no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que **comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo** seguirase un protocolo de actuación previsto con antelación: levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións.

En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

- **O traballador que inicie síntomas** debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
- **No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro** educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo, (sen prexuízo do uso da canle informática sinalada no punto 2). Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala a xefatura de sanidade.
- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diag-



nóstico. Se non houberse cita para as ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

- Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

. Escenarios no suposto de abrochos

1. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e o do profesorado asignado a ese grupo.

Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

2. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

3. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

4. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva.

As fases establecidas para a reactivación correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

29. Responsable/s das comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa (deben determinarse a/s persoa/s que realizarán as comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa) (indicar unicamente cargo desempeñado e non incluír nome)

COORDINADORA COVID comunicará ao Equipo de Coordinación Operativa COVID da Consellería de Educación, de ser o caso da Consellería de Sanidade ou do Sergas, así mesmo a comunicación co persoal do centro e coas familias e alumnado.

No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus no centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo.

Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a xefatura de sanidade.



ld. **Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade**

30. Procedemento de solicitudes (canle de petición das solicitudes de comunicación coa xefatura territorial e de solicitude, de ser o caso, de persoal substituto)

Xestión das peticións nos supostos de vulnerabilidade

Cando un/unha traballador/a se atope dentro dun grupo vulnerable, deberanse seguir os seguintes pasos:

1.- A persoa interesada na declaración de persoal sensible por causas de saúde, deberá **dirixir a súa solicitude á dirección do centro** educativo onde presta os seus servizos, na que exprese que concorren as causas para considerar o/a traballador/a como grupo vulnerable e susceptible de ser considerado persoal sensible (**anexo III** deste protocolo).

2.- A dirección do centro educativo emitirá, por cada solicitante, un informe no que se indiquen as tarefas e condicionantes específicos do posto de traballo, e determinación das medidas de protección existentes. (modelo de informe simplificado no Portal da dirección (anexo IV)).

3.- A dirección do centro educativo remitirá cada día en que existan solicitudes unha relación das peticións de valoración da sensibilidade do traballador e do posto, xunto cos informes emitidos, á Inspección Médica Educativa da Xefatura Territorial da Consellería de Educación .

4.- A Inspección Médica Educativa analizará a petición achegada, e solicitará mediante correo electrónico ao/á traballador/a a documentación acreditativa da súa situación que resulte procedente para resolver a adaptación do posto de traballo ou a declaración de persoal como sensible.

Coa análise da devandita documentación e da relativa aos posibles riscos existentes no centro de traballo da persoa solicitante, o facultativo emitirá informe.

5.- A Inspección Médica Educativa poderá solicitar, se fose preciso, un informe preventivo adicional de carácter complementario ao Servizo de Prevención de Riscos laborais da Consellería de Educación, quen, a súa vez, o recadará do servizo sanitario preventivo contratado. A actuación do servizo sanitario non suporá a necesidade de desprazamento nin do/da traballador/a nin do facultativo e realizarase a través da análise da documentación que aquel lle achegue. Resulta **obligatorio para o/a traballador/a achegar toda a documentación requirida polo servizo sanitario nun prazo máximo de 3 días hábiles ; no caso contrario, entenderase que desiste da súa petición.**

6.- **Mentres se tramita o informe da Inspección Médica, o/a traballador/a terá a obriga de acudir presencialmente ao centro.**



Id. Medidas de carácter organizativo

31. Entradas e saídas (determinación das entradas e saídas, organización das mesmas con horarios de ser o caso. Regulación da entrada de acompañantes do alumnado —cando o centro dispoña de planos poderanse grafiar sobre unha copia dos mesmos os lugares de entrada incluíndo, de ser o caso, os das distintas etapas educativas; no caso de non dispoñer deles poderanse utilizar acomodados á realidade do centro os que figuran como tipoloxías anexos ao protocolo —)

-Prohibido acceder ao centro a calquera persoa que presente síntomas da enfermidade.

(A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para as ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.)

-Gardar a distancia de seguridade.

- No caso de ter que esperar, facer uso dos puntos sinalados no chan.

- No caso de chegar tarde e atopar o portalón pechado, entrar pola porta principal de avenida de Oza.

-Entrada con máscara .

- **Á entrada e saída do centro**, todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) realizarán a **hixiene de mans** . No caso do alumnado verificarase a realización unha vez sentados na aula..

O portalón da pista abrirase totalmente para saír por ambos lados

O obxectivo principal da proposta que facemos a continuación é **evitar as aglomeracións.**

Horario (A excepción de madrugadores e comedor.)

**ENTRADAS E SAÍDAS
por Rúa Buenavista:**

- Portalón á pista cuberta polideportiva **por Rúa Buenavista o alumnado de Infantil, 1º e 2º de primaria** .
- As familias non accederan á pista, salvo as de Infantil de tres anos.
- A pista cuberta conta con puntos de separación no chan onde poden permanecer o alumnado á espera de ser acompañado ao seu espazo.
- A coidadora permanece neste patio nas entradas e saídas.
- **Co fin de evitar cruzarse co alumnado das outras plantas.**
- **Cada profesor acompañará a cada grupo a súa aula.**

ENTRADAS e SAÍDAS por rúa Boavista	
Zona esquerda do portalón vista dende a biblioteca	Zona dereita do portalón vista dende a biblioteca
Infantil 5 09:05 h - 13:45 h (porta do recreo)	Infantil 4 09:10 h - 13:40 h (porta do recreo)
Infantil 6 B 09:00 h - 13:40 h (porta da biblioteca)	Infantil 6 A 09:00 h - 13: 45 h (porta da biblioteca)
2ºA de Primaria 08:55 h – 13:55 h (porta da biblioteca)	1º de Primaria 08:55 h – 13:50 h (porta da biblioteca)
